

CELEBRACION POETICA DO NADAL.

Lema: CAEN AS FOLERPAS.

I.

Leño Nadal dos cómuros névados,
vído dun país onde non remata
a ledicia continua que desata
os corazóns de noxo aferrollados.

Dende terras adentro, apaixoadó,
entre fouce e gadaña, pranto e emata,
entrégoche o meu canto na túa data
ateigada de amor recén granado:

"Aquel neno, nacido nun pendello,
atárono de pés e maus vilmente
porque trouxo nos beizos a verdade.

Compre seguir seus pasos -ronsel vello-,
hastra trocar súa voz nun facho ardente
e apropiarnos pra sempre da súa herdade".

--oo--

II.

Soldados do mundo, fillos de Cain e Luzbel,
homes sen raiceiras nen sangumíños,
arrombade as armas nun recanto calquera
e vide festexar o Nadal con gaitas e pandeiros novos.

¿Quizáis non sabedes que por estas datas
-fai casemente 2000 anos- nacéu en Belén
o redentor do mundo: un meniño rebuldeiro
con corazón de pan trigo
e ollos rebordantes de menceres e luaradas?

Maxinade un intre o ronsel da Estrela Maior,
a lles alumar o camiño ós Reises de Oriente,
e maxinade tamén os pastores,
a camiñar cara o portal en ringuileira,
carregados de regalias e galanos.

!Ouh....! Maxinade cántos feitos belidos
aconteceron nestas datas sen mácula,
vellas pregoeiras de amor e agarimo.

Así veredes cómo as vosas mentes lixadas
éñchense ás picaroladas de ideas lumiosas
e as vosas maus, recendentes a sangue e a pistolas,
trócanse de sochape nas raiolas dun mencer maiego.

!Soldados do mundo, fillos de Cain e Luzbel,
homes sen raiceiras nen sangumíños,
arrombade as armas nun recanto calquera
e vide festexar o Nadal con gaitas e pandeiros novos!

III.

Aquela noite grisalla
sonaba ledo un rabel
arrolando o caravel
que frolecia entre a palla.

San Xosé dormía
deitado no chan
e a Virxe tecía
a luz da mañán.

Por un camiño longal,
baixo o brilo das estrelas,
iban zagalas e doncelas
andando cara o portal.

A mula roubáballe
palla pra comer,
mentras o boi dáballe
folgos pra quecer.

Os cabaleiros de Oriente
partían ben a modiño
pra lle adorar ó menifío,
redentor de tanta xente.

Dábanlle os señores
moi ricos presentes
diante dos pastores
ledos e sonrientes.

Cantaba o galo do abreante
todo enchido de ledicia
esparxendo a gran noticia
polo mundo penitente.

Xunto do camiño

daba gozo ver
a Xesús meniño
sorrindo a pracer.

---oo---

IV.

Héille cantar ó Nadal alegre e algareiro
-mes encheito de lecer e armonía-
anque me manquen na andorga
as filloas e os chourizos recén curados
e me caian os dentes a eito
ó rillar as castañas e o turrón esgrevio.

Héille cantar porque reune a tódolos homes
-pobres e ricos, brancos e negros-
ó redor dunha vella mesa familiar
e fáinlos soñar, cos ollos ben abertos,
un mesmo soño de espranzas frolecidas.

Héille cantar porque trae seiva de mencer
-facho divino pra erguer o ano vindeiro-
e entra polos fogares a xeito de fado,
tocando o tamboril do amor fraterno,
entre reloucos de nenos e axóuxeres,
e vixío da nova colleita.

Héille cantar ó Nadal cheo de piñeiros e grinaldas,
cheo de neve, paxolíñas e crismas feiticeiros:
cousas sinxelas que sulagan as almas de gozo
i espranza, bariles abalorios que anuncian a paz
e a xusticia, sempre soñadas e presentidas.

V.

No meio da Terra Cha núa e largacía,
pousase dende fai tempo un gasallo
e pra velo brilar sen refugallo
corre a xente a Begonte en romería.

Levando o corazón por regalia,
corre a xente, sen lixo nen arroallo,
pois vive das angueiras do traballo
convertidas decote en teimosía.

Os romeiros do mundo corren ledos
a postrarre arreo diante dun Belén
ergueito entre sorrisos e abelencia.

Todos deixan atrás coitas e medos
e corren a Begonte cheos de ben
a facéren examen de concencia.

--oo--